

ORDE 05/05/2010. SUBVENCIÓN A EMPRESAS CUALIFICADAS COMO ILE

BENEFICIARIOS:

Poderán ser beneficiarias desta subvención as empresas privadas, calquera que sexa a súa forma xurídica, incluídos os autónomos, sociedades civís e comunidades de bens, que fosen cualificadas como Iniciativa Local de Emprego (ILE) e non transcorrese mais dun ano desde a resolución de cualificación

REQUISITOS:

- A empresa debe constituírse e iniciar a súa actividade nun prazo non superior a un ano dende a cualificación como ILE
- Xerar emprego para desempregados/as inscritos /as como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego.

TIPOS DE AXUDA:

1. **Subvención á creación directa de emprego estable:** Axudas por posto de traballo creado de carácter indefinido, incluídos os das propias persoas promotoras, e a xornada completa cando sexa ocupado por desempregados inscritos na oficina de emprego, nas seguintes contías máximas en función do colectivo:
 - a) 4.800 € para desempregados en xeral.
 - b) 5.000 € para mozos desempregados de 30 ou menos anos de idade.
 - c) 5.000 € para mulleres desempregadas.
 - d) 5.600 € para mozas desempregadas de 30 ou menos anos de idade.
 - e) 6.000 € para persoas desempregadas que esgotasen a prestación por desemprego, persoas desempregadas de longa duración, emigrantes retornados, persoas en risco de exclusión social e persoas desempregadas con discapacidade.

Prazo: Ata o 30 de xuño de 2010.

A ter en conta:

- No suposto de que a xornada sexa a tempo parcial, a contía da subvención será proporcional ao tempo traballado, e se transforma a tempo completo con posterioridade, poderase solicitar o resto da subvención correspondente sempre que se faga no primeiro ano de actividade.
- Cando se contraten traballadores por conta allea esta axuda é compatible coa bonificación na Seguridade Social, sen que ambas axudas superen o 60% do custo anual do contrato.
- Non se concederá axudas por persoas traballadoras que presenten servizos na mesma empresa cun contrato temporal.
- Poderán ser obxecto desta subvención os postos de traballo estables de carácter indefinido creados desde o 1 de maio de 2009 e o 30 de xuño de 2010.

2. **Subvención para a contratación de expertos técnicos de alta cualificación:** Subvención equivalente ao 50% dos custos salariais totais, incluídas ás cotizacións á seguridade, cun máximo de 12 mensualidades. Esta subvención concedida dunha soa vez terá como límite máximo 18.000 €

Prazo: Ata o 30 de xuño de 2010.

A ter en conta:

- A subvención é incompatible coa subvención á creación directa de emprego estable para os mesmos traballadores.
- A subvención é compatible coa bonificación na Seguridade Social, sen que ambas axudas superen o 60% do custo salarial anual do contrato.
- Poderán ser obxecto desta subvención as contratacións realizadas desde o 1 de maio de 2009 e o 30 de xuño de 2010.

3. **Apoio á función xerencial:** Axuda por titoría, por formación e realización externa de estudos e informes sobre a actividade, que a persoa promotora poida recibir para mellorar a toma de decisións necesarias para o funcionamento da empresa.

- a) A subvención que se pagará dunha soa vez, será de ata o 75% do custo dos servizos recibidos, cun límite de 12.000€

Prazo: Ata o 30 de xuño de 2010

A ter en conta:

- Só serán subvencionables os gastos orixinados no prazo dun ano desde o comezo da actividade e sempre que a data de remate deste período sexa posterior ao 30 de abril de 2009, xustificable mediante facturas e documentos bancarios.

4. **Subvención financeira** para promover a creación de postos de traballo mediante a redución dos xuros de préstamos para financiar os investimentos que sexan necesarios para a creación e posta en marcha das empresas cualificadas como ILE.
- A subvención, pagadoira dunha soa vez, será o equivalente á redución de ata catro puntos tipo de xuro, fixo ou variable, fixado pola entidade financeira calculada sobre os oito primeiros anos de vixencia destes.
 - A contía máxima desta axuda é de 5.100 € por emprego estable creado para persoas desempregadas desde o 1 de maio de 2009 e ata o 30 de xuño de 2010.

Prazo: Ata o 30 de xuño de 2010

A ter en conta:

- Os prestamos deberán formalizarse no período comprendido entre o inicio de actividade e o 30 de setembro de 2010.
- Como mínimo o 75% do importe do préstamo deberá destinarse a financiar investimentos en inmovilizado material ou intanxible e poderase destinar ata un 25 % para financiar activo circulante.
- Non se admiten a adquisición de bens usados agás no suposto de traspaso de negocios.

5. **Axuda para o inicio e posta en marcha da actividade**

Subvención dos gastos necesarios para o inicio e posta en marcha da actividade (compras de mercadorías, materias primas, alugueres, man de obra empregada na adecuación co local, publicidade, subministración durante o primeiro ano de actividade), con seguintes importes máximos, en función dos postos de traballo estables creados:

- Ata 20.000 euros, cando se creen de 1 a 2 postos de traballo.
- Ata 36.000 euros, cando se creen de 3 a 10 postos de traballo.
- Ata 52.000 euros, cando se creen de 11 a 20 postos de traballo.
- Ata 68.000 euros, cando se creen mais de 21 postos de traballo.

Prazo: Ata o 30 de xuño de 2010

A ter en conta:

- importe da axuda non poderá superar o custo total dos gastos subvencionables e a contía de:
 - 6.000 € por posto de traballo estable para desempregados en xeral.
 - 8.000 € por posto de traballo estable para mozos e mozas de 30 o menos anos ou para mulleres.
 - Estas contías incrementaranse en 2.000 € se a ILE ten o seu domicilio social nun concello rural.
- Para solicitar esta axuda, débese crear polo menos un emprego estable para unha persoa desempregada inscrito como demandante de emprego.

NOTAS COMÚNS A TODO OS TIPOS DE AXUDAS:

As contías de todas as subvencións reguladas nesta orden poderán incrementarse nun 10% no caso de que a actividade das empresas cualificadas como Iniciativas de Emprego (ILE ou IER) se inclúan dentro dos novos viveiros de emprego. (Artigo 10 da orde de 05/05/2010)

MAIS INFORMACIÓN:

Orde do 05 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras do réximen de axudas e subvencións ás empresas cualificadas como iniciativas locais de emprego (ILE) cofinanciadas polo Fondo Social Europeo e se procede á súa publicación para o ano 2010. (DOG n. 91 de 14 de maio de 2010).